
DITAME SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE REGULA O FUNCIONAMENTO DOS COMEDORES ESCOLARES NOS CENTROS DOCENTES PÚBLICOS NON UNIVERSITARIOS DEPENDENTES DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA.

O Pleno do Consello Escolar de Galicia, na súa sesión do día 16 de outubro de 2006, emite o seguinte ditame en relación co proxecto de decreto polo que se regula o funcionamento dos comedores escolares nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

- 1.-** O Consello Escolar de Galicia propón que ao final do primeiro parágrafo do preámbulo, onde di: “recursos educativos complementarios”; diga o seguinte: “servizos educativos complementarios”.
- 2.-** Así mesmo, insta á Administración educativa a que estude a posibilidade de incluír no preámbulo unha referencia ao marco xurídico no relativo ás condicións sanitarias para o servizo de comedores escolares.
- 3.-** Proponse que na terceira liña do apartado 1 do artigo 1; que no apartado a) do punto 1 do artigo 2; que no punto 1 do artigo 4 e que no punto 1 do artigo 12; onde di: “.. Consellería competente en materia de educación”; diga o seguinte: “... Consellería de Educación e Ordenación Universitaria”.
- 4.-** Proponse unha nova redacción para o punto 2 do artigo 1, que quedaría como segue: “Entenderase como servizo de comedores, os servizos de comida de mediodía e de atención aos usuarios nos períodos de tempo libre anterior e posterior da mesma, nos que se fomentarán programas de promoción da saúde, hábitos alimentarios e habilidades persoais”.
- 5.-** Para o punto 2 do artigo 2, proponse que se substitúa a expresión: “aconsellable”; pola seguinte: “posible”.
- 6.-** O Consello Escolar propón a substitución do texto do punto 1 do artigo 4 polo seguinte: “A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria tomará as medidas necesarias para implantar o servizo de comedor escolar nos actuais centros escolares que teñan demanda. En todos os centros escolares de nova creación deberá dotarse aos mesmos das instalacións necesarias para o funcionamento do comedor escolar”.



7.- O Consello Escolar de Galicia propón que se engada ao final do punto 2 do artigo 4 o seguinte texto: “Os comedores escolares funcionarán dende o primeiro día lectivo ata o último”.

8.- O Consello Escolar propón que se modifiquen as cinco categorías de comedores escolares recollidas no artigo 5, quedando como seguen:

- Tipo A ata 60 comensais
- Tipo B de 61 a 120 comensais
- Tipo C de 121 a 200 comensais
- Tipo D de 201 a 280 comensais
- Tipo E máis de 280 comensais

9.- Para o apartado 2 do artigo 6, propónse que se engada ao final do parágrafo a seguinte expresión: “En todo caso ningún comedor escolar, independentemente da súa categoría, terá unicamente unha persoa para a cociña”.

10.- Propónse un novo texto para o apartado a) do punto 1, artigo 7. O texto é o seguinte: “Todo o alumnado do centro, ao mesmo tempo procurarase a ampliación do comedor cando así o aconsellen as demandas existentes”.

11.- Para o punto 1 do artigo 8, propónse eliminar na segunda liña o seguinte texto: “con xornada de mañá e tarde”.

Nese mesmo artigo, propónse engadir ao final do parágrafo a seguinte expresión: “Así mesmo serán beneficiarios da mencionada axuda total ou parcialmente outro alumnado non incluído anteriormente, sempre que cumpra o requisito de renda que se estableza”.

12.- No final do parágrafo do punto 1 do artigo 13, propónse que se engada o seguinte texto: “Os ditos menús poranse en coñecemento do Consello Escolar do centro”.

13.- No punto 2 do artigo 13, propónse que se engada ao final o seguinte texto: “..., sen custo adicional para a familia, nin nos medios, nin na conservación, nin no consumo, e na procura de que sexa unha situación temporal”.

14.- No punto 3 do artigo 13, propónse que se engada ao final do parágrafo a seguinte expresión: “Para iso contará cunha persoa experta en nutrición e dietética”.

15.- No texto do punto 1 do artigo 15, propónse cambiar o acrónimo “anpas”; pola seguinte: “asociacións de nais e pais de alumnos”.

16.- O Consello Escolar propón que a disposición transitoria se cambie de lugar e se coloque inmediatamente despois da disposición adicional.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Rúa San Roque, 2
15704 – Santiago de Compostela
Tlf.: 981581466 Fax: 981581598
consello.escolar.ceoug@xunta.es



17.- Tamén se propón a inclusión dunha nova disposición adicional que diga: “Atendendo ás características propias dos centros residenciais docentes e dos centros de educación especial dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, na orde de desenvolvemento do presente decreto regularase especificamente a asignación e o tipo de persoal que preste servizos nestes centros”.

O Secretario

Asdo.: José Alejo Losada Aldrey

V. e Pr.

A Vicepresidenta

Asdo.: Milagros Blanco Pardo